

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADIÇÃO ORAL

CORTE Nº 3 CINTA 5



NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0005_003_en_0_19_48_id637_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0005_003_en_0_19_48_id637.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o terceiro corte dos que se divide a quinta das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala da fauna mariña: os tipos de peixes dependendo de se son de fondo, de rochas, de lañas, de entreaugas, migratorios e os que se collían na seca. Conta varias anécdotas curiosas, como cando metrallaron a uns arroaces para espantalos e que non lles estragaran o aparello, ou como usaban uns caramuxos grandes como cornos para comunicarse entre as embarcacións cando había néboa ou para vender o peixe polas aldeas. Na última parte fala das aves mariñas.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 24 de xullo e 6 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

NOTAS SOBRE O TEXTO

O compilador dividiu o texto da transcripción entre “peixes” e “aves mariñas”

PALABRAS CHAVE

mar, fauna, tipos de peixe, solla, congro, berete, polbo, lumbrigante, sardiña, muxe, corbelo, arroz, choco, lura, carioca, lorcha, marisco, vieira, espadín, escacho, caramuxo, corno, venda de peixe, muller, pescantina, ave mariña, gaivota, mascato, arao, Illas Cíes

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 3 DA CINTA 5

Comeza a entrevista o 24/07/1992

Peixes

Vamos a falar en canto ós peixes que produce o mar, hai varios tipos de peixes según se pesque ¿non? hai unha serie de peixes que van polo fondo, ¿non? son máis ben de fondo que de entre augas, cales son mais ou menos, que peixes se acorda, a lorcha¹. a lorcha é peixe de fondo ¿non? e que máis, a solla.

R: A solla pero anda muito aboiada tamén.

P: Tamén anda aboiada, pero normalmente pousa muito no fondo.

R: Ese é o peixe que apalastra cando quere marchar ou cando ven perseguido, sempre trata de cubrirse. Ó sentirse acosada, vai ó, tira ó fondo e apalástrase na area ou no fango, tápase coma se fora un mantel por riba del, para que non o miren, pero deixa unha cama, e esa cama é a que o descubre.

P: E acórdase así de outros peixes máis que sean de fondo, a anguila, e o congrio son...

R: A anguila é de fondo no arenisco, no fango.

P: É de fango.

R: É de fango, pero non é de pedra, o crongo sin embargo é de pedra, e a anguila non, a anguila é do limpio, e o crongo quere cachotes que se parten buracos dun lado po outro, para meterse.

P: Para meterse nos laños ¿E así acordase dalgún máis?

R: Non sei.

P: ¿O berete e o rubio son de fondo?

R: Ese anda polo fondo pero anda na superficie tamén. Despois tes todo o marisco é de fondo todo.

P: O pulpo tamén é de fondo.

R: É de fondo solamentes cando non ven a comer. O pulpo cobíjase na pedra, nos laños, o que lle chaman os laños.

P: Os laños, como o congrio e o lubrigante ¿non?

R: O lubrigante cobíjase todo nos laños, coma se fora unha casa, vou a mariscar, salen do su.. (?). que teñen eles e veñen á superficie, salen do buraco onde están, e veñen a mariscar e é cando o momento que se meten en peligro, mentres están no laño nadie os pode coller.

P: E volven sempre ó mesmo laño.

R: Si teñen a cama feita alí e mentres non...

P: É sua casa.

R: É sua casa. Porque o pulpo mesmo, hai que ver que cando o arranca usté do... como lle dea tempo a meterse no agujero, coa liña arrastro métese, e parte a liña e non sale.

P: E non salen, aférrase ó fondo e teñen estudiado para que se aferran e non...

R: Porque el cando se mete, métese polo hueco máis pequeno que hai, que poida meterse, e unha vez dentro fan unha masa, xuntan todo o cuerpo, rasos e cabeza e todo e non hai quen os arranque, hasta da a casualidad que o pescador de pulpo está pescando na superficie coa liña pescando e ven enganchado, enganchou a caranguexo, e soltouse, ó chegar ó barco sóltase, e non vai po fondo, busca o plan do barco, o sombraje do barco, coma se fora un laño, apégase á quilla e non hai quen o arranque, apégase cos raxos alí e non hai quen o arranque, hasta que se solta cando mira que non tiran por el, déixase estar.

P: Faise firme no plan da chalana.

R: Da embarcación.

¹ Lorcha = marañoca, baralloca (É un góbido)



P: E que mais, a serrán tamén é de... fondo ¿non?

R: Claro, veñen a mariscar á superficie ¿non? vamos salen do laño, da pedra, ou do arenal, e veñen a mariscar, agora cobíjanse cobíjanse sempre no fondo.

P: Fai niños incluso ¿non?

R: Fai.

P: Fan niños de area, de area e sebas, fan niños redondos como os páxaros.

R: Todo o peixe de mar ten o seu instinto. A sardiña, a sardiña mesmo cando sinte mal tempo, cando sinte malo, tírase ó fango, á altura, e despois está comendo fango.

P: Si. Vaise ó fondo de todo.

R: E cando sinte mal tempo.. (?). porque nosoutros mesmos temos a prueba, na costa de Portugal, chegamos un día pola mañan alí a traballar e topamos uns xeiteiros de Leixós, que estaban levantando as pezas e levaba as pezas cheas de... Entón nos largamos a rede, era do defunto de Pazos...(?. Posiblemente quixo dicir que xuntaron os aparellos para ir a Leixós) Fixemos un lance ó lado deles, ó mirar o peixe ¿non?, como levaban tanto peixe mallado... e non collemos nada máis, eles levaban as redes cheas, e despois fómoslle ó costado dun un “Mire mais você”. “Mire, mais você, vai na tona, mais canto mais blando sea máis se clava” decíanos el, e que estaba clavada no fondo, no fango hasta aquí hasta o ombligo, e despois co rabo dalle para baixo aínda para que non moleste, entonces o xeito como o pescado está comendo fango e ten o rabo para arriba, ó tocarlle no rabo a rede revírase, entón cambia de cabeza para arriba e ó cambiar a cabeza como ten a rede xa se (?) a rede.

P: ¿Acordase así de mais peixes de fango e de fondos?

R: Hai tantos. Hai tantos que...

P: E os que son de aquí das beiradas, os que andan por cerca de mar, por cerca de terra hai outro tipo de peixes que non hai por fóra ¿non? ou chegan todos a comer a terra?.

R: O peixe cando se mira acosado métese onde tope. O muxo.

P: O muxo come muito na praia, é dos que mais cerca, cando está subindo a marea veñen eles.

R: E como veñen ós muelles, que ás veces os muelles están... No verano hai montes de muxos, pero é un peixe mui vivo.

P: E o aserrán tamén se acerca, e mais os buracitos² ¿non?

R: É peixe máis vivo.

P: ¿E así entre augas que non sean de superficie e non sean de fondo, hai un tipo de peixes característicos? ¿Os corbelos³ de donde son?

R: Son da pedra.

P: Son de pedra, de fondo.

R: Pero ten a superficie, usa mais a superficie.

P: Usa bastante a superficie así entre augas ¿non? e os chinchos tamén, e os xurelos.

R: Si tamén superficial.

P: Superficie e agua ¿E as rabalizas?

R: Tamén da pedra, da pedra e mais do lixo. A min o que me satisface máis son os arroaces, eu considereino como o peixe máis listo de todos.

P: Do mar.

R: Do mar, porque parece que falan coas personas.

P: ¿Sí?

R: Poste a caldear. Poste a caldear, a engadar... A ver si che ven peixe

R: Xa sabe cando tes o peixe engadado non che veñen a comer.

P: Os arroaces.

R: Si. Non che veñen a comer cando estás engadado, teñen alí e non... veñen a comer cando tes (corte)

² Os buraces ou panchos (da familia do ollomol) desapareceron da ría de Vigo

³ Corbelo = abadexo pequeno



P: O arroaz vai a comer cando o peixe está cercado. Quere dicir que non.. cando non pode escapar.

R: Ti, poste a engadar, e ven o peixe a comer, e queres largarlle o aparello, pero están alí os bichos e non che deixan largar o aparello, porque se llo largas ó ter ó peixe cercado, rómpeche o aparello todo.

P: Rompen todo, lévanno todo.

R: Primeiramente déixanche largar a rede, coma se falaran talmente, e desvíanse, estás aquí e eles marchan para o muelle, pero teñen unha vista fenomenal, e moitas veces “a ver pa onde van os bichos, a ver ter cuidado, para onde van” por cousa de largar a rede. Porque namais que é un cuarto de hora, pero están atentos eles, e coa mesma agáchanse, agáchanse e coño agora marcharon agora non se miran, e cando miras xurdir un ó lado da embarcación, veñen por debaixo, vanse acercando ó niño onde estás engadando e non se meten con aquel peixe, porque o peixe non está preso, porque o peixe aquel, pois ó sentilo a el tamén lárgase tamén, eso de largar, cando estás máis confiado danche unha paliza, que vas pa terra co aparello roto todo.

P: Pero á lancha non lle fan nada ¿non?

R: Non.

P: Eles solamente van ó peixe.

R: Hasta deunos por tirarnos ó mar, agarrarnos ó corcho, á parte do corcho ¿non? E cos bichos a trabar no aparello e tres homes polo corcho e ós homes non lle tocaba, pero marchar non marchaban.

P: Eles iban ó peixe ós homes non, o home non era peligro ningún.

R: Os homes non lle facían peligro ningún, nunca un bicho nunca atacou a un home, e mira que eran centos de bichos ¿eh? saben que está preparado, eu mirei nunha ocasión coa lancha da tabacalera, porque rompían os aparellos todos. Unha vez aquí, fronte á lonja do Berbés, estábamos máis de 20 embarcacións sen poder largar co pescado cobijado todo, esperando a que marcharan, e nos fomos a pedir permiso á Comandancia da Marina para que nos mandara a lancha da tabacalera para darlle unha batida a ver si...

P: A espantaos.

R: E veu, para espantalos, e veu e efectivamente fixeron muito beneficio. Estabamos todos preparados para largar as redes, pero... empezaron a prepararse todos eles tamén, un aquí, outro alá e outro alá abaixo. Mentres tiñas o peixe engadado non se metían co peixe, pero ó ter o peixe encerrado hasta rillaban os plomos, e veu a lancha que solicitamos, a lancha de tabacalera⁴, coas metralletas, e inda non mirábamos a lancha, e empezaron eles a saltar para un lado para outro, contra a Illa⁵, todos contra a Illa, “que pasa aí que pasa aí”, xa sentían cando desamarraba do Náutico⁶ a lancha.

P: Os motores.

R: O motor, non sei, polo ruído do motor mira, polo motor ¿eh?. Despois traballamos tranquilos. Algúns apareceron mortos en Barra⁷, de alí a uns días apareceron mortos en Barra.

P: Si porque os ametrallaron.

R: Os ametrallaron.

P: ¿E así de outros peixes que andaban entre augas, que había os bogóns tamén son de entre augas?

R: ¿Os?

P: Os bogons.

R: Os bogóns tamén son de entre augas.

⁴ O que sería hoxe de Vixilancia Aduaneira

⁵ Illa = Cies

⁶ Club Náutico de Vigo

⁷ Praia de Barra na península de Hío (Cangas)



P: E o bolo, o bolo era mais de...

R: O bolo é máis de superficie.

P: De superficie, pero o bolo houbo unha temporada que se enterraban na area ¿non?

R: E que se cobijaba, non se enterraba, se cobijaba.

P: Porque eu acordo incluso coller na praia do Con, ó baixar a marea no medio da area estaban enterrados alí.

R: Si moitas veces, ese non é peixe de fango é peixe de sal, de area.

P: De area si. E enterrábanse alí para cobijarse, pero quedaban en seco hasta que subira a marea.

R: Ó subir a marea xurdían eles tamén, había algunha vez que ibas ós croques e levantabas a area e collías tamén bolos.

P: Cantidá de bolos ¿non?. E os chocos que eran de fondo ou tamén andaban entre aguas.

R: Ese é peixe de fondo.

P: De fondo, e as luras, ese é de entre aguas.

R: Ese é entre aguas.

P: ¿E así outro tipo de peixe que puidera andar entre aguas?

R: Todo ese tipo de peixe como a parrocha, o bocarte e todo ese é de entre aguas tamén.

P: ¿E na superficie normalmente os que máis andaban pola superficie cales eran, os muxos?

R: Porque o muxo ese é un peixe que come...

P: Está en todas partes.

R: Anda muito co zume da... diso que cría as aguas quentes no mar, moitas veces no verán coas aguas quentes fórmase un lago de dúas aguas, e fan unha ralleira, esa ralleira... pois xunta muito lixo, diso encarnado que chaman camarón e iso, bichiños pequenos..., e ese fango que lle chamamos nosoutros xarabales, comen todos alí e comen toda esa basura, e bótelle usté comeduría e non comen, están engadados... pero ó collelo, á hora de collelo xa está rebentado de todo.

P: Xa están comidos, están cheos.

R: Rebentan todos.

P: E eses xarabales a maioría que son de peixes que son migratorios, que non son propios da ría, que pasan pola costa, entran...

R: Eses xarabales é un peixe que ven na superficie, chamámolle xarabales porque ven todo na tona, ven todo na superficie arrastrándose.

P: O xarabal pode ser de xoubas, de rinchas...

R: Rinchas, de muxos, de todo, ven unha cantidá por arriba e ven máis por abaixo, e outra cantidá por abaixo, nunca veñen os da superficie solos, hai veces que traen unha cantidá de 4 ou 5 metros de altura.

P: ¿E que tipo de peixes son os que entran na ría, os que son migratorios? e decir non se producen aquí na ría senón que ó pasar entran, como son as sardiñas e as xoubas.

R: Ese peixe despois desova, despois de que desova, críase aquí, porque desova muito aquí.

P: Viña a desovar aquí á ría.

R: Moitas veces, cando está a parrochiña toda pequena ven desovada do peixe, desovou o peixe grande, e o peixe cando desova aquí pois abriga. Ven o inverno e vai a coller calentura, pero a cría déixouna aquí e moitas veces cando ven o mal tempo coa maruxía tira o desovo vai coas aguas corrientes, ás praias e a todo. A sardiña e o bocarte e o chincho, son moitos, moitos, moitos bichos a comela.

P: As cariocas, a merluza tamén eran desa, de...

R: A carioca de pescada.

P: De pescada.

R: Si do alto, do cantil.

P: ¿Pero tamén era de peixe migratorio?

R: Ese é de... van directamente ós fangos, á altura.



P: E cando entran na ría ¿a carioca é de fango tamén?, porque a carioca é peixe migratorio tamén, entra na ría, e a pescada ¿non?

R: Entra porque...(non é ?) emigratoria de aquí. Algunha pescada que ven na ría mui poucas veces, solo cando son as augas calientes, un pouco está desviada de Cíes, e xa se cobijan en Cíes, e collen profundidade enseguida porque é peixe de arrastre.

P: E a sabenlla. As sabenllas é un peixe que practicamente desapareceu, e non servía para nada.

R: Eso non serve para nada.

P: Todo espiña.

R: É todo espiña, a sabenlla é todo espiña.

P: ¿Que viña no medio dos xarabales?

R: Viña no medio dos xarabales, porque ese peixe todo a rincha, os muxos, todos están comendo na, no jugo do desovo da sardiña. A sardiña desova e mentres.. (?). están comendo todo. Despois as aves, que todas as aves do mar, todas as aves que hai comen as sardiñas, como todo ese nacente que hai, como o atún, como o bonito, como a lubina, como as aves del cielo, todos comen sardiñas...é alimentación de todas aves.

P: ¿E eses entran na ría? Non, o bonito non entraba na ría.

R: Eses andan de corrente, recorren, cando se miran cobijados pois recorren, e miras ti o mascato que se tira de 50 metros ou 100 metros de arriba para chegar a 10 metros...

P: De profundidade.

R: De profundidade.

P: E alcanza tanta profundidade.

R: Tíranse desa altura e van aínda despois de que estean no mar, nadando coma se foran na superficie coas alas, coas patas de arriba. Cando as miras xurdir cun peixe na boca da gusto miralas. Os pitorros, os corvos.

P: Diso habemos falar noutro momento tamén, das aves. En canto á seca, cando había unha seca aparte do marisco ¿que tipos de peixes se collían, por debaixo das pedras e nos laños que quedaban á seca?

R: Todo, todos os laños que quedaban secos, durante a seca, todos levaban anzuelo para pescar e meterlle no laño unha vara así de larga, ou máis larga, con unha sardiña agarrada na punta da vara e un anzuelo, entón vas metendo caña, vas metendo caña, facendo hueco onde está o buraco, metíase no laño das pedras, se acaso a un metro é donde está algún cobijado.

P: Un pouco de agua que lle quede si.

R: O niño téñenno a se acaso dous metros ou tres metros, e mírase o laño aquí, e vai zuscando cando el ven atrás da caña desois. Sale do niño e ven polo buraco arrastrando para fóra, que arrastras a vara ti e mais o isco para que veña para a superficie, claro cando ven a trás do anzuelo, a non enganchalo, a non enganchalo, pois sale afora, e alí é cando...

P: Cando o colle.

R: Cando o colle.

P: Coa man xa.

R: Coa man pero ten cuidado non sea un congrio.

P: Un congrio ou un zafiro, ¿en que se distingue un congrio dun zafiro?

R: En que é máis bravo.

P: ¿Mais bravo cal?

R: O congrio.

P: O congrio. Mais negro ¿non?

R: O zafiro é máis e máis... non ataca tanto. O congrio ten cuidado cando o collas que te pode morder e o zafiro non morde, cóllelo coma se fora unha anguila.

P: E o zafiro é máis azulado ¿non?

R: Si é máis azulado, o congrio é máis negro ten a piel máis negra.



P: E o congrio e o zafiro e a anguía son de seca tamén, cóllense na seca eses peixes ¿e o pulpo tamén?

R: ¿O pulpo?

P: ¿Na seca?

R: O pulpo pódese coller na seca.

P: Na seca ¿E as lorchas?

R: As lorchas esas tes que collelas co aparello.

P: Pero debaixo das pedras tamén se collen.

R: Debaixo das pedras se levantas unha podes coller, ou nunha pociña de agua que quedou.

P: A lorcha e a martilonga ¿non?

R: Si a martilonga.. (?). se nace o mar sale directo, pero aquí quedou unha poza cando baixou, quedou alí a comer no niño e non salen de alí porque montan o buraco que ten e tropezan co seco, entón ten que se cobijar, ten que ter agua senón.

P: Si que incluso as lorchas suelen desovar, a mirilla póñenna debaixo das pedras.

R: Si.

P: E que máis se collía na seca, porque despois xa nécoras, centolos, bruños, bois e todo iso.

R: Na seca todo colles, todo o que mires á vista todo colles, colles a vieira.

P: A vieira tamén.

R: Colles a zamburiña, que é un tipo de vieira ¿non? zamburiña é o mínimo tipo vieira ¿non? Como se foran as crías, e se o aparello cóllese, (seguinte liña) porque a vieira é un peixe que...

porque a vieira é un peixe que... levántalo, revíralo, polo...(?) méteslle a presión (?) por debaixo dela, cando está coa planta, cando está co cu pa arriba...

P: Co plano si.

R: Méteslle a presión por aquí (?) por baixo e cando está así telo que tumbar, coa barriga dada á volta, porque é un peixe... voa, ese peixe voa, cando está así abre as súas alas.

P: As cunchas.

R: As cunchas, abre.

P: E vai escapando, fai como o choco ¿non? Escapa para atrás. ¿Acórdase de tipos de peixes que hoxe non existen que desapareceran xa do mar ou que quedan poucos?

R: Xa tes aquí un ben reciente, xa tes un aquí ben recente, hai poucos anos que desapareceu.

P: ¿Cal?

R: Unha calidade de peixe que abundaba moito, o espadín.

P: O espadín si, hai moi pouco si.

R: Haber. Tanto peixe aquí nesta ría abundaba.

P: O bucareu tamén.

R: O bucareu inda hai manchas del.

P: Si, o ano pasado inda hubo, este ano non se mira moito. E a sabenlla pode ser outro peixe tamén que desapareza.

R: Bueno ese non era un peixe que non tiña moita aceptación.

P: Non valía, claro.

R: Era mui espinal, pero o espadín ese era unha abundancia de anos, e anos e anos. Invadíanse as rías no inverno, cando viñan os suroestes e iso viña aquela pandilla de arroaces, ou de arroaces, de mascatos, que hasta voaban para abaixo, porque o mascato é un ave que canto máis alto estea mellor mira, cando o peixe vai na superficie mira pouco, pero cando o peixe vai a ras de suelo, entón é cando mais sube, para ter capacidade para mirar...

P: Para mirar o fondo.

R: Para chegar ó fondo.



P: E así había outros peixes, ¿cabaliños de mar había antes aquí?

R: Había uns cabaliños que eran pequenos.

P: Pero iso desapareceu.

R: Ese é peixe de rapeta.

P: De rapeta, pero non se comía.

R: Había algúns que os comían, cortábanlle a cabeza e o comían, era un peixe mui seco.

P: E que máis peixe ¿acórdase así algún peixe máis que... hubiera antes e hoxe non hai xa?

R: Tes o berete.

P: ¿O berete? Si cada vez hai menos.

R: O berete é un tipo así coma ese, o que ten encarnado por aquí, un corte encarnado, sabe bastante ben ese tamén.

P: O berete desapareceu, e a pescada da ría tamén, xa non queda nada.

R: A pescada, xa é un peixe que xa é de altura.

P: Si pero de vez en cando con unhas pezas inda se collía.

R: Si cando ibas á unha Illa, como nas Cíes ou en Ons, pero aquí na ría tomabamos unhas pescadillas pequenas. Cando collías bastantes, antes era cando andabas coa arte, porque se chamou pescadilla.

P: E non se acorda mais de... de peixes que hubiera fai un tempo e hoxe xa non existan.

Sigue a entrevista outro día, o 06/08/1992

P: Estas son de aquí, si.

R: Estes son os botes ¿non? e as traineras son estas tamén, o que pasa que cando o aparello abordo para terra, por aquí sacan os aparellos, o barco estaba coa popa pa terra, e poñían un remo con un home no mar, e despois para terra e tendendo, iban tendendo polo que iba baixando a marea iba quedando en seco e tendendo, pero foi dúas horas, máis non, mentres escunchaban o peixe, o quiñón de peixe, xa estaba o aparello seco, un home solo levaba o aparello ó lombo⁸.

P: Si aparellos pequenos.

R: Pequenos, son pequenos.

P: Bueno xa fai máis dunha semana ¿non? que non falabamos, *ahora xa está ben, eu xa o topo a la mar de ben xa* (Este comentario non se escoita no corte), agora pouquiño a pouco comendo algo máis, *dentro de pouco xa se anima, xa está máis animado, mire* (Este comentario tampouco se escoita no corte), a última vez estuvemos falando, a semana pasada era dos peixes, así que mais ou menos desapareceron. A min quedoume algo, unha pregunta atrás sobre os tipos de caramuxos que podía haber, principalmente os cornos, antes collíase uns cornos...

R: Viña volantes.

P: Que eran como caramuxos enormes, grandes.

R: Caramuxos, eu xa non acordo como eran, pero claro eran caramuxos grandes, que se collían cando a xente iba a praia nas mareas vivas, estaban as pedras en seco, aí por Tirán e por aí, e tomábanse eses caramuxos. Eses collíannos na baixamar nas.. (?). nas pedras.

P: Si e había caramuxos que lles decían bravos, e os que se comían eran negros.

R: Comíanse de todo.

P: ¿Todo?

R: Os caramuxos, todo.

P: Había uns que son de cores, pequeniños.

R: Eses coménnos algúns, Eses caramuxos comíannos crús todos.

⁸ Neste parágrafo está comentando unha foto da praia de Moaña de 1914.



P: E os cornos, o que eran os caramuxos grandes, ese tipo de cornos, despois usábanse muito para tocar nos barcos ¿non?

R: É que rompíanlle a punta no cú como lle chamamos nos outros, e sacábaselle a comida toda, e o partían pola punta, e comunicábase moitas veces coa niebla, un barco con outro.

P: E había os cornos, había uns toques diferentes, sabíase ó mellor para chamar pola xente cantos toques daban, ¿non? e cando era pola niebla dábase un toque de vez en cando.

R: Cando era pola niebla algunha vez para contestar ¿non? porque andabas sempre pola costa, nesos barcos de remos andabas sempre pola costa ¿non?, para a entrada e para a saída, máis que nada para... hasta Cangas, despois xa tiñas que coller outra dirección, pero comunicábase. Sin embargo, moitas veces viñas pitando por se viña un barco contrario que saía outro tamén.

P: ¿E cando se chamaba pola xente polo mar non se tocaba o corno tamén? ¿ou cando chegaba o barco de vender, tocábase os cornos ou non?

R: No, no. Ese o corno é moi antigo, moi antigo. Eso do corno xa para... (?) esa mención que ti dices é antigo, porque antes de haber as traineras, antes de haber as traineras, que había o boliche, e o boliche andaba á sardiña tamén, e cerco, o boliche é cerco tamén.

P: Si xa mo dixera.

R: E cando había o boliche ese... e o corno moitas veces o usaban as pescantinas, estas que vendían o peixe polas aldeas, era a única plaza que había. Dicían: Están os barcos aí, están os barcos no Con⁹. E iban a un barco e compráballo x peixe en terra. E non había plaza.

P: ¿E usaban o corno para chamar pola xente a vender? Sabíase que estaba ela alí.

R: Porque había moitas mulleres que se dedicaban a comprar na praia en patelas grandes e levaban o peixe polas aldeas, hasta iban a Domaio.

Aves mariñas

P: E falando das aves do mar. Vamos a falar un pouco das aves, había unhas que se comían como eran as gaviotas, esas comíanse, pero había outros tipos de aves como era a chirra, ¿a chirra que é, a filla da gaviota?

R: Fillas da gaviota.

P: Esas non se comían.

R: Comíase a gaviota porque era un costume que había, pero despois máis tarde xa non o houbo. Nas aves con respecto ó mar, empeza polo mascato, de aves.

P: O mascato que era máis grande que a gaviota.

R: Mais grande que a gaviota e con un peteiro largo, que ese case sempre anda con pescado, e andan a unha altura de 50 metros ou moitas veces 100 metros de altura, e van seguindo o peixe para coller, e cóllenno canta máis altura fagan, máis profundo vai o peixe, e tírase de aquela profundidade de 50 metros ou 60, e indican o peixe, indicábons o peixe moitas veces.

P: Por iso que é a onde iba eu, Usté se miraba que houbera algún mascato, unhas chirras unhas gavotas Usté sabía que había peixe alí.

R: Claro, indicábons que había peixe, porque eles sempre andaban por encima de ese pescado, a gaviota, o mascato, a pardela.

P: ¿A pardela tamén anda muito no mar?

R: A pardela é coma a gaviota, a pardela nunca está quieta no mar, sempre anda volando pola... (?) e xa declina que hai pescado ¿non?. Despois as chirras, moitas veces cando está o peixe na superficie, indican porque se tiran como o mascato ¿non? Tíranse.

P: E non van tanto ó fondo claro.

R: Non van tanto ó fondo porque non teñen altura. O pitorro.

P: O pitorro si.

⁹ O Con, hoxe é un barrio que está a continuación da Praia de Moaña.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

R: Hai tres ou catro clases de pitorros ¿non?. Hai un que lle chamaban o carolo que era mais pequeno, pero sempre tiña un momento que indicaba que alí iba peixe, e moitas veces pois andaban buceando porque eses non se tiraban do aire, eses voaban e buceaban.

P: Eses nadan e despois bucean.

R: Nadan e bucean.

P: Por iso chámamlle sucholuis tamén ¿non? ó pitorro.

R: ¿Como?

P: Ó pitorro chámamlle sucholuis, o pitorro... ¿que outro nome ten? non sabe.

R: Ten o pitorro, nos chamábaloslle pitorros, carolos.

P: ¿O pitorro que é un arao?

R: É unha ave, como a gaviota, coma a chirra, coma iso.

R: Si, si son negros e...

R: E moitas veces pois tirábanse a bucear e salían coa sardiña na boca, inclinando parecía que lle decían ós mariñeiros que alí iba peixe.

P: Que alí iba peixe ¿non?

R: Porque poñíanse a dar así cos brazos, enseñando a sardiña que tiñan na boca.

P: E según ¿guábanse polas aves para saber se a veces había mal tempo ou bo tempo?

R: Non, o mal tempo conócíalo cando viña por...

P: Polos ventos máis ben ¿non?

R: Polos ventos.

P: Así polas aves, se non había aves no mar ó mellor quería dicir que non había peixe.

R: Non porque andabas pola costa. Se anduveras pola altura tiña significado de altura, podía... Os navegantes moitas veces topan, en verano, máis suspensión de.. (?). e mais o pescado porque as calorías que hai no inverno tíranse máis a costa ó abrigo, veñen ó abrigo, porque tes aquí o pitorro ti si...A gaviota que se tira ás islas, alí a desovar.

P: Si, aniñan alí

R: Aniñan alí

P: Nas illas si, ¿E os corvos tamén?

R: Os corvos tamén, nas pedras

P: Nas pedras. ¿E os corvos tamén anunciábanlle que había peixe, ou os corvos non andaban tanto no mar?

R: Os corvos dedicábanse nas pedra a coller anguilas...

P: ¿Que outras aves había tamén. Os patos. Os patos que eran temporeiros, non?

R: Os patos eran aves de terra... de terra en todo

P: Pero eran aves que viñan co bo tempo e no inverno desaparecían.

R: Eses. Os mascatos eses viñan no inverno. Porque non inverno acudían ós abrigos, ó peixe... Vamos, Pois si estaba na Illa, acosándome (?) do temporal, chegaba hasta aquí o peixe. Máximo o espadín. O espadín sempre chegaba aquí á San Bartolomeu¹⁰. No inverno aquí ó Con, ó Real. Collíase cestas e cestas de espadín polo...

¹⁰ Illa de San Bartolomeu (hoxe soterrada, xa non é illa) está a final da praia da Xunqueira. Pertence á parroquia de Meira.